

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO 16 DE XULLO DE 2007

2.- Proposta da alcaldía relativa á delegación de competencias da Xunta de Goberno Local.

3.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.-

1335/07.- M^a del Carmen Barca Landeira.- Rehabilitación dunha construción auxiliar executada no Lugar de Os Vilares, Meixonfrío.

1581/06.- Antonio Arincón Andrés.- Derruba e reconstrución de cuberta en viv.unif. sita na Rúa de Muros núm.52.-

253/06.- M^a Luz Calvelo Sixto.- Viv.unif. en Lamas de Abade núm.2.-

1199/07.- Araceli Díaz Murillo.- Viv.unif. en Sabugueira s/n, Carballal.-

455/06.- Fco. Javier Marzoa Puga.- Viv.unif. en San Lázaro núm.16.-

625/07.-M^a Jesús Otero Carballido.- Viv.unif. na parcela 534 de Concentración de Busto, Verdía.-

119/07.- Recambios Balsa Hermanos, S.L.- Nave industrial na parcela 8A do plano parcelario do Polígono do Tambre, Vía Pasteur.-

632/07.- Ginegal Galicia, S.L.- Viv. unif. na parcela 6 de parcelación autorizada da parcela 42 de Concentración de Eixo-Marrozos.-

569/07.-Santiago Losada Fernández.-Derruba de dúas edificacións sitas na Rúa de Muros, 21.-

415/07.- José Daniel Pereiro López.- Legalización de construción auxiliar para instalación de calefacción executada na Corredoira Nova, San Mariño de Aríns.-

1412/05.- Jaime Pena Pintor.- Viv. unif. en Rúa Vidán núm.51.-

932/07.- Promociones Cosfal, S.L.- Legalización de ampliación de planta de soto da vivenda unifamiliar executada na parcela A2 de parcelación autorizada en Lugar de Portela, Vilestro.-

1246/07.- Promociones Cosfal, S.L.- Legalización de ampliación de planta de soto da vivenda unifamiliar executada na parcela A3 de parcelación autorizada en Lugar de Portela, Vilestro.-

1247/07.- Promociones Cosfal, S.L.- Legalización de ampliación de planta de soto da vivenda unifamiliar executada na parcela A1 de parcelación autorizada en Lugar de Portela, Vilestro.-

1011/05.- Manuel Tejo Souto.- Viv.unif. en Rúa Arredullo, A Susana.-

RECURSO REVISIÓN.-

1342/03.- Manuel Francisco Míguez Ben contra acordo da X.G.L. de 21-02-05 de legalización edificación en Neira de Mosquera núm.8 (D).-

TRÁMITE DE EXCEPCIÓN.-

452/07.-Construcciones Aldemunde, S.L.- repr. por José M. Señarís Regueiro.- Rehabilitación vivenda unifamiliar existente en Pai da Cana s/n.-

CORRECCIÓN ERRO ACORDO X.G.L. DE 22 DE NOVIEMBRE DE 2004.-

334/04.- Ruafer, S.A, repr. por Manuel Lareo Figueiras.- Edificio na Rúa Restollal.-

APERTURAS.-

Lap/155/06.- Ignacio Montenegro Gil.- Instalación de depósito de G.L.P. en Rúa San Martiño de Laraño.-

6.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbase un gasto en axudas para vivenda-aloxamento por valor de 44.000 euros

7 a 70.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a beneficios fiscais nos impostos sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, sobre bens inmobles, excepción no IIVT, na taxa por licenzas urbanísticas

Apróbanse os devanditos beneficios.

71.- Inicio do expediente de contratación das Obras de Reforzo do firme na vía pública M-8-IV (VILAR), incluídas no Plan de Cooperación Provincial 2007 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Apróbase o inicio do expediente para a contratación das citadas obras por concurso e procedemento aberto, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Deputación o 22 de febreiro de 2007, establecéndose un tipo de licitación de 251.803 euros.

72.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Subministro, mediante leasing, dun vehículo ambulancia para o Concello de Santiago (Negociado).

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 56.504 euros.

73.- Proposta da concelleira delegada de Limpeza relativa a modificación do acordo nº 9 de data 16 de abril de 2007 sobre o alleamento de dúas compactadoras.

Apróbase a modificación do devandito acordo, fixando o prezo de alleamento da compactadota TANA-30 á empresa HIERROS GAGO, SL, nun importe total de 1.683 euros, resultado de valorar economicamente as 22,44 toneladas reais de peso da compactadora a un prezo de 75 euros/tonelada.

74.- Propostas da concelleira delegada de Casco Histórico relativas á aprobación de axudas para mantemento de edificios no Casco Histórico (Expedientes: ME-23 e ME-30).

Apróbanse axudas para o mantemento de dous edificios na rúa da Caldeirería, 47 e na praza da Inmaculada, 9.

75.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á provisión de postos de traballo de xefes de negociado por concurso de méritos.

Acórdase o nomeamento de varios funcionarios para os postos de traballos de xefes de negociado, obtidos polo procedemento de concurso de méritos.

76.- Proposta da concelleira delegada da Unidade Municipal de Atención a Drogodependencias (UMAD) relativa á solicitude de Subvención á Consellería de Sanidade para proxectos de accións de investigación-acción que teñen relación co esforzo global anti VIH/Sida.

Acórdase solicitar a devandita subvención á Consellería de Sanidade, por un orzamento total de 36.545 euros.

77.- Proposta da concelleira delegada de benestar social relativa á creación dunha comisión para a reforma da Concellaría de Benestar Social.

Apróbase a creación dunha comisión para a reforma da Concellaría de Benestar Social formada por:

- Mar Martín García, concelleira de Benestar Social.
- Andrés Fariña Cadenas, concelleiro de Facenda.

- Rosa Fernández Somoza, concelleira de Réxime Interior, Persoal e Reforma Administrativa.
- José Ramón Alonso Fernández, vicesecretario xeral do Goberno Municipal.
- Ana González Verdejo, interventora xeral.
- Rocío Montañés Fernández, xefa de Servizos-Contratación.
- Ángeles Botas Piñón, xefa de sección de Servizos Sociais.
- Pilar Bermejo Suárez, directora da UMAD.
- Teresa Furelos Toral, xefa de sección de Expropiación.

78.- Proposta da concelleira delegada de réxime interior, persoal e reforma administrativa relativa á provisión de dúas prazas de uxier.

Acórdase o nomeamento de dous uxieres: para a portería do Pazo de Raxoi, ata finais de setembro; e para as dependencias económicas da rúa Galeras, ata rematar o ano.

79.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa a subvención da Delegación Provincial da Consellería de Traballo, e contratación de persoal para a execución do proxecto de construción de beirarrúas en acceso a Vite de Arriba e grupo Diego Xelmírez.

Acórdase asumir o importe de 297.535 euros, outorgado para a realización da obra denominada "proxecto de construción de beirarrúas en acceso a Vite de arriba e grupo Diego Xelmírez, así como o compromiso de retención da contía de 15.086 euros para as indemnizacións correspondentes por rescisión de contrato.

80.- Proposta do concelleiro delegado de Mocidade relativa á renovación do convenio entre o Concello e a Escola de Tempo Libre e Animación Sociocultural Don Bosco. Ano 2007.

Apróbese a renovación do devandito convenio, no que se contempla un importe de 8.000 por parte do Concello.

81.- Proposta do concelleiro delegado de Cultura relativa á aprobación do convenio entre o Concello e o Museo do Pobo Galego.

Apróbese a sinatura do devandito convenio, no que se establece unha colaboración económica por parte do Concello de 10.000 euros.

82.- Dar conta da concesión dunha subvención pola Xunta de Galicia para a execución de proxectos para o desenvolvemento do pobo xitano.

Dáse conta da subvención concedida pola Xunta de Galicia destinada á prestación de servizos sociais polas corporacións locais en relación aos proxectos para o desenvolvemento do pobo xitano por valor de 40.000 euros.

83.- Dar conta da prórroga do convenio de colaboración entre o Concello e a Consellaría do Medio Rural para a participación na protección de núcleos rurais mediante a realización de traballos de prevención e defensa contra incendios forestais nas faixas de especial protección.

Acórdase prorrogar o prazo de vixencia do convenio ata o 31 de xullo de 2007. O acordo levarase a cabo sen custe adicional para as partes asonantes. (Laraño, Villestro, Conxo, Vidán, Lavacolla, San Marcos-Bando, Figueiras, Romaño).

84.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre Caixa Galicia e o Concello para a realización da iniciativa "Faite Ver"

Dáse conta do convenio.

URXENCIAS

1.- Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para a realización do Estudo de implantación de servizos baseados na utilización dunha rede Wimax no Casco Histórico de Santiago, por procedemento negociado sen publicidade, establecendo un tipo de licitación de 30.000 euros. Así mesmo, solicítase ao Consorcio a súa incorporación e participación formal no proxecto de implantación da devandita rede, cunha achega de 275.000 euros durante o presente 2007. Os restantes 275.000 euros que completan o financiamento corren a cargo do Ministerio de Industria.

2.- Acórdase autorizar ao Consorcio a ocupar a vía pública para a montaxe e disparo do espectáculo de fogos artificiais das festas do Apóstolo os días 24 e 31 de xullo.